

MEMORIA FINAL DE CURSO
2020-2021

CEIP A GÁNDARA DE NARÓN

CURSO 2020-2021

Eva M^a Bouza Rey- DIRECTORA



ÍNDICE

1. LOGRO DE OBXECTIVOS E PROBLEMAS ATOPADOS.....	3
2. XORNADA ESCOLAR.	9
3. MEMORIAS DOS DIFERENTES EQUIPOS.	
3.1. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.....	10
3.2. EQUIPO DE TIC.....	21
3.3. EQUIPO DE BIBLIOTECA.....	25
3.4. DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	29
3.5. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.....	38
3.6. EDUCACIÓN INFANTIL	39
3.7. EDUCACIÓN PRIMARIA 1º E 2º NIVEL.....	42
3.8. EDUCACIÓN PRIMARIA 3º E 4º NIVEL	46
3.9. EDUCACIÓN PRIMARIA 5º E 6º NIVEL	48
3.10. PLAN DE FORMACIÓN DE PROFESORADO.....	52
4. RELACIÓNS COAS FAMILIAS.....	53
5. RESEÑA ECONÓMICA.....	54

A presente memoria fíxose coa colaboración dos mestres/as de todos os niveis, departamentos e comisións creadas ao efecto. Foi aprobada polo Claustro o día 30 de xuño de 2021 e informado o Consello Escolar o mesmo día 30.

1.- LOGRO DE OBXECTIVOS E PROBLEMAS ATOPADOS.

- **Renovación de recursos audiovisuais** :Este curso comezamos con E-dixgal en quinto de primaria. Isto permitiunos contar con dous armarios de carga, un por cada aula, e un ordenador portátil por cada alumno máis dous a maiores para reposicións por se fallaba algún. En total 52 ordenadores para alumnado. Tamén nos dotaron dun ordenador portátil a cada un dos mestres/as que impartíamos docencia en quinto de primaria, en total sete ordenadores. O centro en previsión de novos confinamentos adquiriu tamén seis ordenadores portátiles para poder prestar ao alumnado en caso de necesidade. Adquirimos tamén dúas tablets para poder traballar en robótica. Cambiáronse discos duros en varios dos ordenadores de aula e renováronse os ordenadores nunha das aulas de infantil e noutra de primaria. No mes de maio a Xunta enviou ao centro catorce ordenadores portátiles con conexión wifi para facer préstamos ao alumnado que os precisase en caso de aulas pechadas. A wifi non funciona ata o mes de setembro pero é outro recurso máis do que dispón o centro en caso de ensinanza non presencial. Tamén adquirimos varias cámaras portátiles e trípodas por si temos que impartir ensinanza a distancia.
- **Traballo Cooperativo**: Neste curso 2020-21 este tipo de traballo case non se poido realizar por mor da pandemia de coronavirus. Evitamos en todo momento o contacto a menos de metro e medio de distancia e as clases estaban organizadas en filas encaradas todas cara a pizarra sen formar grupos. Nos cursos de primeiro e segundo, así como en infantil había grupos porque o mobiliario non permitía as separacións pero o traballo cooperativa viuse resentido e non puidemos facelo como en cursos pasados. Agardamos que o vindeiro curso as restricións sexan algo máis permisivas e nos permitan traballar de xeito cooperativo xa que é algo que demanda o alumnado.

- **Traballo por Proxectos:** O alumnado de E. Infantil fixo algún proxecto de arte e no primeiro ciclo un sobre xoguetes. A nivel centro non se fixo ningún proxecto por mor do covid 19.
- **Carga horaria da Dirección do centro:** Este curso a directora dispuxo de máis horario para as labores de dirección (14 horas semanais) xa que puido deixar a titoría da que se fixo cargo a especialista de inglés Silvia M^a Sabín. Todo o horario dedicado á dirección foi necesario neste curso tan complicado.
- **Aulas masificadas:** A situación do centro fai que as aulas estean completas a vinte e cinco alumnos/as por aula. Cando hai alumnado repetidor incrementase a ratio. As aulas con menor número de alumnado foron as de 4^o de infantil que contaron con 19 alumnos/as en cada unha. O resto do centro tiña unha ratio de 24 ou 25 alumnos/as por aula.
- **Obras realizadas polo Concello:** Comezamos o curso en setembro co colexio pintado nas zonas onde non o estaba (corredores, titorías, ximnasio e aula de psicomotricidade). Na actualidade o centro está pintado por dentro na súa totalidade aínda que hai zonas que necesitarían repintarse porque teñen a pintura gastada polo tempo. A fachada exterior tamén precisaría de pintura. O concello tamén cubriu cun tellado a pasarela de saída ao patio de infantil e cambiou no mes de xuño varias pranchas transparentes do tellado no segundo andar e nos corredores que van ao comedor e a aula de psicomotricidade. Tamén quitou o falso teito que hai enfronte dos baños de profesorado no primeiro andar, no corredor de psicomotricidade para amañar humidades que procedían dos baños do piso superior, pero logo non volveu a colocar ese falso teito e están hoxe en día as tubaxes ao aire. Como as ventás do centro eran moi antigas e resultaba dificultosa a súa apertura, o concello mandou unha empresa para cambiar os rodamentos de todas as fiestras das aulas do centro. Isto permitiu que puideramos abrir e pechar con maior facilidade favorecendo a ventilación das aulas. Tamén e para cumprir co protocolo covid o concello enviou a unha limpadora en horario de mañá, que fixo o seu traballo moi ben, contribuíndo aos bos resultados no curso sen contaxios nin propagacións do covid.
- **Relacións con outras institucións:** O colexio colaborou e participou en diferentes actividades promovidas por outras institucións, principalmente en

actividades programadas polo Concello desde o Equipo de Educación Vial. Participamos nunha marcha ciclista virtual no mes de novembro contra a violencia de xénero. Tamén polo mesmo motivo colaboramos coa Confederación de ANPAS de Ferrolterra por uns patios sen violencia. Tiñamos que enviar unha serie de frases relacionadas coa igualdade. Veu unha fotografa a quitar fotos do noso patio e coas frases e a foto fixeron uns carteiscos que montaron unha exposición. Rematada a exposición enviaron o noso cartel ao centro e está colocado no vestíbulo. Participamos na segunda Olimpíada de Educación Vial organizada pola policía local, de xeito virtual. O alumnado participante foi o de 6º B de E. Primaria que resultou vencedor. Por segundo ano quedou suspendido o Festival Intercentros para evitar as aglomeracións e os contactos. En Teatro con G das Equipas de Normalización Lingüística, participamos de xeito virtual vendo a obra “As pitas baixo a choiva” de Ricardo Carvalho Calero. Participamos na “Semana dos Camiños” de xeito virtual porque traballamos co libro “O camiño Primitivo” e fixemos diferentes actividades sobre o mesmo nos cursos de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria. O alumnado de 6º B rematou unha actividade promovida desde o concello sobre a cidade dos nenos baseada no proxecto Tonucci, que quedara inacabada polo confinamento. Este curso tamén comezou a funcionar o proxecto “Camiños escolares Seguros” promovido pola policía municipal de Narón. Nas tres portas de entrada do centro colocáronse paneis lectores de pulseiras. Cada alumno/a participante no proxecto ten unha pulseira que pasa polo lector cando entra no centro. Os pais que teñen descargada unha App no seu móbil reciben un aviso de que os nenos ou nenas xa están dentro do cole. Isto permite que veñan camiñando, en patinete ou bici ao colexio e que non se colapsen as entradas do centro polos coches que virían a deixar ao alumnado. Poñer en funcionamento o programa custou bastante, e non entrou en funcionamento ata o mes de marzo. Tivemos moitos atrancos para conectar os lectores da entrada na rede de internet do centro. Ao final e despois de varios atrancos conseguimos que ANTEGA nos permitise a conexión no servidor de internet do colexio. No mes de maio e xuño, a policía local promoveu a I Liga Escolar Pegadas. Cada alumno/a que viñera camiñando, en bici ou patinete ao cole tería que poñer unha pegatina nun panel de control que había en cada aula do centro. Gañaría o colexio que conseguise que máis alumnado viñera

camiñando. Cando rematou o curso nos entregaron unha placa de participación que está no vestíbulo do colexio. Quedamos en segundo lugar os gañadores foron os alumnos/as co CEIP Ponte de Xubia.

- **Alumnado:** Como xa se comentou con anterioridade o colexio está masificado xa que a maioría das aulas teñen vinte e cinco alumnos/as. Comezamos o curso con dúas aulas de 4º Ed. Infantil con 20 nenos e nenas. En cada unha das aulas un/ha alumno/a deuse de baixa no mes de setembro por medo ao covid. No mes de maio un alumno que estaba escolarizado nun centro de Coruña incorporouse na aula de 4º B de infantil, quedando esta con 20 alumnos/as e a outra con 19. Nestas aulas tamén están escolarizadas dúas nenas con necesidades educativas especiais. No grupo B hai unha nena con escolaridade compartida entre o noso centro e o CEE Terra de Ferrol. Esta nena non se incorporou ás clases presenciais por medo aos contaxios por covid recibindo educación na casa por unha profesora externa do centro. No mes de maio decidiron probar de xeito presencial acudindo tres días á semana ao centro de educación especial e non vindo ao noso ningún dos días. A outra alumna con necesidades escolarizada no grupo B, foi diagnosticada de TEA. Esta alumna si que acudiu presencialmente ao colexio precisando de apoios e profesorado especialista xa que non se adaptaba ás clases como o resto dos compañeiros/as. Unha alumna de 4º de infantil estivo con nós ata o 18 de setembro no que por orde de inspección causou baixa xunto coas súas irmás (4º e 5º de primaria) e se trasladaron ao centro do que proviñan CPI As Mirandas en Ares.

As aulas de primeiro de primaria estiveron con 25 e 24 alumnos/as respectivamente porque unha das alumnas causou baixa por traslado familiar a Italia.

Os segundos de primaria estiveron co 25 e 24 alumnos/as respectivamente porque unha das alumnas de segundo solicitou traslado ao CPR Tirso de Molina en Ferrol e llo concederon no mes de setembro antes de comezar as clases.

En terceiro de primaria comezamos con 24 e 25 alumnos/as respectivamente, pero no mes de marzo incorporouse un novo alumno que viña de Lugo por traslado da súa nai. Este alumno incorporouse ao grupo B o día 11 de marzo,

quedando os dous grupos con 25 alumnos/as cada un. Este alumno xa fora alumno do colexio en cuarto de infantil.

Nos grupos de cuarto de primaria comezamos con 25 alumnos/as por aula. No mes de setembro marcha unha das tres irmáns para o CPI As Mirandas en Ares, quedando un grupo con 25 e outro con 24. Pero o 10 de maio incorporouse unha nova alumna que viña dun centro da Coruña por traslado de domicilio quedando novamente as dúas clases con 25 alumnos/as cada unha.

En quinto de primaria comezamos cunha clase de 25 e outra de 24 alumnos/as. No mes de setembro marcha unha das irmáns para Ares, quedando ata finais de curso as dúas clases con 24 alumnos/as cada unha. En sexto de primaria tiveron 25 alumnos/as cada unha todo o curso. En total tivemos 135 alumnos/as de Ed. Infantil (69 nenos e 66 nenas) e 295 alumnos/as de Ed. Primaria (172 nenos e 125 nenas). Un total de 430 alumnos/as entre infantil e primaria (241 nenos e 189 nenas).

- **Covid-19.** No CEIP A Gándara de Narón neste curso 2020-2021 houbo un total de 15 alumno/as positivos.

Destes 15, 4 foron nenas e 11 foron nenos. Os casos distribuíronse da seguinte maneira; 8 casos durante o 1º trimestre e 7 no segundo. Non tendo positivos no 3º trimestre do curso.

Mentres que a distribución por meses foi a seguinte:

- Outubro: 1 positivo.
- Novembro: 7 positivos.
- Xaneiro: 4 positivos.
- Febreiro: 3 positivos.

Por outra banda, tivemos numerosas incidencias (PCR, contactos con positivos...) ao longo do curso, máis en concreto, nos meses de setembro e outubro, baixando estas incidencias (non os positivos) nos meses de novembro e decembro. Xa co novo ano, en xaneiro, estas incidencias volveron a subir moitísimo, volvendo a descender no mes de febreiro e tendo moitísimas menos incidencias nos posteriores meses e ata o final de curso.

Finalmente, o alumnado illado mantivo o contacto cos seus mestres/as a través de medios telemáticos (aula virtual, edixgal, correos electrónicos, chamadas

telefónicas...) e levando a cabo o seu proceso de aprendizaxe a distancia durante o tempo que lle asignaron as autoridades sanitarias.

Foi responsable do equipo covid do centro Enrique Blanco Guillén (xefe de estudos) xunto coas profesoras Ana Graña (EP) e Belén Bellón (EI).

Ao principio de curso todo o centro estaba temeroso de cómo ía resultar o curso polos posibles contaxios. Preparouse un protocolo covid tanto para as clases, os recreos e o comedor escolar que se levou a cabo durante todo o curso sen relaxamentos e dou resultado xa que non houbo transmisión no centro nin no comedor. Todos os casos diagnosticados foron por contactos familiares exteriores ao colexio. Non houbo ningunha aula confinada nin ningún persoal docente contaxiado.

- **Medidores de CO2:** O 21 de xaneiro en colaboración coa ANPA do centro mercamos medidores de CO2 para todas as instalacións do colexio para mellorar a eficiencia na ventilación das aulas e demais espazos do centro (despachos, administración, comedor). Os medidores da marca ARANET 4 permitíronnos en pleno inverno manter unha mellor eficiencia na renovación do aire.
- **Uso do Comedor Escolar:** Este curso e debido ao protocolo covid que obrigaba a manter unha distancia de 1,5 m. entre comensais, e que tiñamos 143 prazas concedidas de usuarios/as tivemos que habilitar o espazo do ximnasio que está lindeiro ao comedor como comedor secundario con mesas e cadeiras que había no colexio e que procedían de descartes das diferentes aulas. Así conseguimos ter 80 postos fixos entre os dous espazos. Cando o número de comensais superaba esa cifra vímonos obrigados a facer dúas quendas de uso. Na primeira quenda comía o alumnado de infantil, 1º ,2º e 3º de primaria nos seus postos fixos e na segunda quenda o alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria, que agardaba nas súas respectivas aulas, sen mesturarse ata que baixaban ao comedor (ximnasio). Mentres agardaban pola súa quenda eran vixiados polo membro do equipo directivo que estivese ese día de garda no comedor.Cando o número de comensais non superaba os oitenta facíamos unha soa quenda de uso, para iso os de 4º, 5º e 6º eran recolocados nos postos que quedaban libres na primeira quenda, procurando agrupalos por aulas e anotando sempre en que lugar estaban por se había que facer algún rastrexo.

Aínda que había unha listaxe de 143 usuarios e unha longa lista de espera para usar o comedor, o certo é que neste curso e por mor da pandemia que cambiou os traballos dos pais (algúns conseguiron redución de xornada, outros tiñan permiso para teletraballar, outros estaban en ERTE...) moitas das prazas concedidas quedaron

vacantes e foron ocupadas polo alumnado que estaba na listaxe de espera. Como media comeron cada día no comedor escolar uns oitenta alumnos de infantil e primaria. Contamos so con catro monitoras dúas para cada espazo que moitas das veces eran insuficientes. Este feito o puxemos en coñecemento da empresa encargada do catering “Eurest” e tamén mandamos escrito a “Comedores Escolares”, presentando a ANPA unha queixa por sede electrónica que non obtivo resposta.

Ao remate do curso, a ANPA pasou unha enquisa aos pais dos usuarios para saber o grao de satisfacción que tiñan co servizo de comedor. Coas conclusións mandaron unha nova queixa ao servizo de comedores escolares, xa que había bastante grao de insatisfacción polos menús servidos, polo aspecto da comida e porque a empresa non cubre as ausencias das monitoras con outra monitora senón que mandan ao condutor que trae a comida a facer esa labor, pero o tempo que el lle dedica é menor que o dunha monitora porque chega máis tarde, despois de repartir a comida por todos os comedores escolares de Narón e marcha antes porque ten que pasar de novo por todos os comedores a recoller os contedores onde serviron a comida, así como os pratos, vasos e cubertos usados.

2- XORNADA ESCOLAR.

No horario da xornada escolar seguiuuse o programado na programación xeral.

Debido ao Protocolo covid as entradas foron graduadas e por diferentes portas tanto para E. Infantil como para E. Primaria.

A entrada de Primaria, por tres portas diferentes comezaba ás 8:50 ata as 9:00. A continuación comezaban as entradas de Infantil, tamén por tres portas diferentes entre as 9:00 e as 9:10.

O horario quedou da seguinte maneira:

1ª sesión : 9:00 a 9:50

2ª sesión: 9:50 a 10:40

3ª sesión: 10:40 a 11:30

Recreo/Hora de Ler (1º quenda): 11:30 a 11:55

Recreo/hora de ler (2º quenda): 12:00 a 12:25

Os grupos de 1º, 3º e 6º tiñan primeiro o recreo e a continuación tiñan á hora de ler.

Os grupos de 2º, 4º e 5º tiñan primeiro a hora de ler e a continuación tiñan o recreo.

Os grupos de infantil facían os recreos tamén graduados:

4º de infantil: de 11:00 a 11:25

5º de infantil: de 11:30 a 11:50

6º de infantil: de 12:00 a 12:25.

4ª sesión: 12:30 a 13:10

5ª sesión: 13:10 a 13:50

As saídas tamén foron graduadas: Os grupos de 4º de Infantil comezaban a saír ás 13:50, os de quinto de infantil ás 13:55 e os de 6º de Infantil as 14:00 pola porta que hai no patio de Infantil.

Os grupos de Primaria comezaban as 13:50 (1º e 2º) 13:55 (3º e 4º) 14:00 (5º e 6º) Nestes grupos saían ao patio exterior por dúas portas separadas e eran entregados ás súas familias polos dous portóns que hai no patio dianteiro do colexio.

Os pais do alumnado manifestou que estaba moi contento con esta organización de entradas e saídas e piden que se manteña no futuro igual, aínda que xa non haxa protocolo covid.

3- MEMORIAS DOS DIFERENTES EQUIPOS.

3.1- EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

1. OS PRINCIPAIS OBXECTIVOS ACADADOS.

Respecto dos grandes obxectivos que nos marcamos para este curso consideramos acadados:

- Actualizamos mediante enquisas entre os diversos sectores da comunidade educativa o noso coñecemento da realidade sociolingüística do noso colexio.
- Continuamos a recuperar tradicións populares: xogos, bailes, refránsouditos.
- Intentamos prestixiar socialmente a nosa lingua entre todos os membros da comunidade educativa usándoa e cos nosos traballos.
- Tratamos de mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa nas clases ou coas actividades que fomos propondo e amosando .
- Utilizamos as TIC como medio para a inclusión do galego en case todas as actividades.

- Outros obxectivos contemplados no Plan Dinamizador foron logrados a través das actividades desenvolvidas durante o curso e que se detallan no apartado 2 desta Memoria.

2. ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO EDLG.

A continuación, describimos as actividades organizadas polo equipo de dinamización lingüística en cada trimestre:

1º TRIMESTRE:

O MAGOSTO

Debido aos protocolos do covid 19, no outono **non** puidemos celebrar o MAGOSTO **presencialmente**. Por este motivo, dende o equipo recomendamos so traballosna aula en grupos burbulla e que se falase (en galego) sobre diversos aspectos desta festa tradicional: as experiencias previas dos nenos/as, a época do ano en que se fai, a vexetación no outono, as reunións tanto familiares coma de veciños, a castaña e toda a gastronomía asociada ...).

O SAMAÍN.

Na segunda quincena de outubro organizamos un concurso virtual de decoración de cabazas para o alumnado do cole. Os/as participantes enviaron fotos a unha dirección de correo aberta para que o xurado (os membros do EDLG) as valorase. Houbo catro premios, un para cada un gañador/a por categorías de idades: Infantil, 1º/2º, 3º/4º e 5º/6º.

Publicamos na web do cole o nome dos gañadores/as, as fotos das súas cabazas e a entrega de premios (libros vinculados ao Samaín).

O NADAL

A pandemia seguía condicionándoo todo a comezos de decembro e non se puido celebrar o festival de Nadal.

A pesares diso, para fomentar entre o alumnado tanto o uso do galego como a participación e a creatividade, mantivemos os concursos de postais de Nadal e do calendario de 2021.

MEMORIA FINAL DE CURSO 2020-2021

No das postais, tivemos que facerreunións telemáticas para coordinar os dous concursos seguindo estes pasos: primeiro pedimos a colaboración das titoras para facer a selección previa dos debuxos; a continuación realizamos unha votación rápida para escoller o gañador, e finalmente enviámo-lo á imprenta para convertelona postal que o colexio enviaría de felicitación ás familias.

Igual proceder seguimos para a elección dos debuxos do calendario de 2021, so que neste caso o debuxo debía ir acompañado dunpequeno texto en defensa do galego.

Os finalistas dos dous concursos colocáronsenun panel de exposición



2º TRIMESTRE

DÍA DA PAZ.

No mes de xaneiro a situación sanitaria empeorou e a nosa comarca estaba sendo bastante golpeada polo



covid 19. As reunións continuaban sendo desaconselladas. Na semana da Paz traballouse nas clases este tema con



contos e outras actividades. Dende o EDLG pedimos a elaboración dun mural en cada grupo burbulla con lemas alusivos á PAZ.

Logo colgamos eses traballos nos taboleiros que haidiante das aulas de Educación Infantil e moitastitoras levaron aos seus grupos a velos.



ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CONTORNO: REALIZACIÓN DE ENQUISAS.

Para actualizar o noso coñecemento da realidade sociolingüística do noso contorno, a comezos de febreiro confeccionamos unha serie de enquisas virtuais para cada sector da comunidade educativa (no caso do alumnado, so a pasamos en 5º e 6º de primaria). Enviámolas por correo electrónico e demos de prazo para cubrilas os meses de febreiro e marzo. Contamos en todo momento co apoio técnico de Xulio (o coordinador do equipo de TIC).

ENTROIDO

No mes de febreiro a situación seguía complicada e continuaron as restriciónspola pandemia. Decidimos suspender os actos presenciais que viñamos realizando tradicionalmente: exposición de receitas propias do Entroido, degustación de sobremesas nas aulas, organización dos desfiles, queima do Meco no patio...

Si mantivemos, por iniciativa de Lucía (titora de 6º B), os mandados do Meco en galego. En cada grupo de Primaria escollíanseuns alumnos/as que cada día baixabanao vestíbulo a ler o mandado que colgaba do Meco. Eses alumnos/as informaban posteriormente aos seuscompañeiros/as de como había que vir vestidos ao día seguinte. En Infantil era a titora a que explicaba directamente o mandado.

Para animar o ambiente (ante a falta deste curso dun Equipo Dinamizador de Actividades Complementarias), o EDLG organizou un Concurso Virtual de Baile. Deixamos aberta a elección das músicas e as coreografías, organizamos quendas de ensaio e de gravación en grupos burbulla. Finalmente subimos á web do cole as actuacións (cun formato de programa elaborado por Sara, profe de Inglés e membro deste equipo) : O programa chamouse “ **A Gándara me soa**”.

Os profesores Lucía (6º B) e Xulio (PT) organizaron a Queima Virtual do Mecó cun pequeno vídeo que toda a comunidade educativa poido contemplar tamén na web.

3º TRIMESTRE.

AS LETRAS GALEGAS.

No mes de maio, por segundo ano consecutivo non puidemos organizar o Festival das Letras Galegas.

Uníase esta suspensión a outras anteriores como as saídas extraescolares, o Certame Intercentros, a visita de escritores en galego ou o carriño viaxeiro

Para promocionar a nosa lingua en data tan sinalada o equipo organizou outras actividades alternativas:

a) Na quincena previa ao Día das Letras, recompilamos e facilitamos abundantes materiais (escritos, audiovisuais e dixitais) para que servisen de apoio á titores nas aulas.

b) Organizamos no vestíbulo do colexio unha exposición de prensa escrita en galego o 18 de maio (en substitución da que faciamos na semana da prensa en marzo) por ser unha data na que moitos xornais publican abundantes novas en lingua galega. Por aqueles días moitos grupos pasaron a velas.



ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CONTORNO: ANÁLISE DE RESULTADOS.

Tras analizar os resultados das enquisas de comezos de 2021, dende o Equipo Dinamizador Da Lingua Galega, chegamos a estas conclusións:

1º. O castelán, de forma moi maioritaria, continúa sendo a lingua usada máis habitualmentepolamaioría das persoas vinculadas aonos centro:

a) O 70 % do profesorado úsaosempreou predominantemente(fronteao 13 % queemprega o galego),

b) Entre o 85-87 % das nais/pais do alumnado (fronteao 10-12,5 %).

c) O 100 % do persoal non docente.

d) Máis do 90 % do noso alumnado (segundo as súasnais e pais).

Imos afondarmáis nos datos deste colectivo.

So preguntamos directamente aosnenos/as de 5º e 6º de Primaria sobre esta cuestión. Parecíannos importantes as súasrespostas, pois levan entre 7-8 anos dentro do noso centro e representan a realidade do alumnado a piques de completar a etapa de Primaria. Pois ben, o 75,8 % contesta que fala sempreou case sempre en castelán. Pero necesitabamos cruzar esa percepción de uso queteñen eles coa que teñen os seus propios pais e nais para achegarnos á realidade. Estes/as din que é o 90,6 % do alumnado de 5º e 6º quen usa o castelánhabitualmente. Aparenta ser máis fiable este dato, poisamén as nais e pais das nenas/os de 3 a 9 anos observan que o 96,4 % dos seusfillosfalancastelánsempreou predominantemente.

No que si están de acordo todos é que, como moito, habería un 1 % de nenos/as nocolexio de A Gándara que teñen o galego como lingua vehicular preferente.

Por último, podemos facer un pequeno comentario sobre os usos das linguas no ámbito escolar, pois observamos un gran desaxuste entre as respostas dos nenos/as e as dos seuspais/nais a esta cuestión: o 71,9% destescren que os seusfillosfalancastelán so ou predominantemente naescola, mentres que o 65,7 % dosnenos/as pensan que falan as dúas linguas por igual. Probablemente o feitode ter a materia de Lingua Galega xunto a algunhaoutrafaielles crer erroneamente que fan un uso igualitario.

No ámbito familiar si que non hai confusións: o 78,8 % do alumnado de 5º e 6º di que se fala na casa sempre ou case sempre en castelán, porcentaxe que elevan os seus pais/nais ao 87,5%.

2º. A competencia para comunicarse en galego semella mellorar cara ao final da Primaria. Ante a pregunta sobre a competencia que traen de cursos anteriores, o 58,1 % das nais/pais dos nenos/as de 3 a 9 anos creen que é mala, fronte ao 21 % dos de 10-11 anos (incluso un 40,6 % destas nais e pais pensan que é boa ou moi boa).

3º. Todos/as os sectores de poboación da nosa comunidade educativa **opinan maioritariamente que a aprendizaxe de dúas linguas enriquece** (o 100 % do persoal docente e non docente, o 96 das nais e pais do alumnado e o 67,7 % dos nenos/as de 5º e 6º de primaria).

4º. O galego non semella reunir o consenso de todos en ser unha lingua que enriqueza. Polo menos, cando preguntamos por algunhas utilidades, resulta que hai moitas diferenzas segundo quen responde.

Así vemos, por exemplo, que estarían completamente ou bastante de acordo en que **se pode aprender as Matemáticas en galego** o 67 % do profesorado, o 65 % das nais e pais de 5º e 6º, porcentaxes que baixan ao 56,3 % nos proxenitores do resto do alumnado e ao 50 % do persoal non docente. No caso dos nenos/as só o 39,4 % do alumnado de 5º e 6º manifestan estar de acordo. É resultado dobremente chamativo porque unha porcentaxe moi parecida estaría en desacordo (o 37,4 %).

Se a pregunta a facemos respecto dunha actividade de ocio tan estendida coma **xogar aos videoxogos** as porcentaxes son que **o galego sería axeitado** para o 73,4% de profesorado, 53,1% de nais/pais de 5º e 6º, 56,3 % do resto, 50 % do persoal non docente, 19,2 % do alumnado de 5º e 6º.

Unha vez máis observamos como **o alumnado** é o que parece sentir **menos apego polalingua galega**.

5º. Máis da metade das nais e pais de alumnas/os **estarían de acordo en que os seus fillos recibisen máis clases en galego**. Pero existe tamén unha **importante oposición** a iso (entre un 25-35 % non estarían de acordo). Incluso un 28 % dos alumnos/as de 5º e 6º o rexeitan.

6º. Entón xurde unha pregunta:

Se debería usarse máis o galego en Galicia (en todos os colectivos da comunidade

educativa como **mínimo o 62%** das persoas afirman iso) e o ensino en galegoaxudaa aumentar o seuprestixio social (máis do 71 %), Como logramos que o alumnado se aproxime a esta lingua con agarimo e a fale de maneira habitual?

Dende este equipo proporemos para o vindeiro curso un concurso de ideas para intentar resolver esta cuestión.

ELABORACIÓN DA REVISTA ESCOLAR.

Neste curso decidíramos retomar a elaboración da nosa revista “ALFAR”, suspendida no curso anterior polos problemas derivados da pandemia.

Pedimos a participación do alumnado e a implicación do profesorado no traballo de liderado e coordinación entre o 24 de maio e o 4 de xuño.

Foi ademais fundamental a axuda do coordinador do equipo de TIC (Xulio) para ir creando os formatos de páxina, recompilar e revisar a información, usar os programas de tratamento de textos e imaxes, ou subir a revista á web.

Dende o 22 de xuño, pódese lerna web do centro o “ALFAR” n.º 28 do ano 2021.

MERCA DE MATERIAL BIBLIOGRÁFICO, FONOGRAFICO, AUDIOVISUAL E INFORMÁTICO.

Debido a que a dotación económica que finalmente nos asinarondende Normalización Lingüística foi moi inferior á que solicitada, descartamos a merca de material audiovisual e Informático polo seu alto custe. Pero si que mercamos en colaboración co Equipo de biblioteca exemplares sobre a biografía e a obra de Xela Arias, así como exemplares para completar a colección dos Bolechas sobre “As miñas primeiras Letras Galegas”.

USO DAS TIC.

Neste curso, o EDLG buscou **recursos didácticos** para profesores e alumnos en diferentes eventos. Ademais de usalos presencialmente nas súas clases, tamén serviron de apoio ao traballo na **aula virtual** ou en **Edixgal** para o alumnado de 5º de EP.

Tamén tivemos que aprender a manexar outros programas e redes sociais para levar adiante as actividades compartidas.

En canto á difusión da revista escolar Alfar, á convocatoria de concursos, exposicións... botamos man sempre da páxina **Web** do centro.

En fin, **a pandemia do covid 19** marcou este curso moi negativamente. Obrigounos a multitude de cambios nas actividades do EDNL, como queda reflectido na descrición de cada unha delas. Empregamos ferramentas virtuais e telemáticas e a moitas das reunións do equipo foron usando grupos específicos en redes sociais.

O virus tamén foi o responsable da **suspensión** de algunhas das **actividades orais e de animación á lectura** como o Certame Intercentros do Concello de Narón, a visita de escritores en galego ou a organización de materiais compartidos de lectura por medio do carriño viaxeiro.

COMPOÑENTES DA EQUIPA DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.

Durante o curso 2020-21 formaron parte deste equipo:

- M^a Carmen, Caruncho Prado, 5^o A Ed. Infantil.
- Enrique Blanco Guillén, Ed. Física (grupos A).
- M^a José González, 1^o A Ed. Primaria
- Sara Villar Vázquez, especialista en Inglés.
- Alba Tenreiro López., 5^o A Ed. Infantil.
- Emma M^a Salgueiro Veiga, especialista en Inglés
- Silvia M^a Sabín Mesa, 5^o B Ed. Primaria
- Ana Graña Piñeiro, 2^o A Ed. Primaria
- Angel M. Sieira Fungueiriño, especialista en Ed. Musical.
- J. Bernardo Montero Doce, Ed. Física (coordinador).

Temporalización	Actividade	Departamento e colaboracións	Destinatarios	Orzamento-materiais
-----------------	------------	------------------------------	---------------	---------------------

2º TRIMESTRE

Mes de xaneiro	Concurso de Debuxos para as Postais de Nadal	Equipa de Dinamización da Lingua Galega e extraescolares	Toda a comunidade escolar	Tarxetas de Nadal 24,20 €
Mes de xaneiro	Concurso de Debuxos para o Calendario 2021	Equipa de Dinamización da Lingua Galega e extraescolares	Toda a comunidade escolar	Calendarios 2021 142,18€
Mes de xaneiro	Día da paz	Equipa de Dinamización da Lingua Galega e extraescolares	Toda a comunidade escolar	Cartolinas e folios para os murais. 15€
Mes de febreiro	Entroido	Equipa de Dinamización da Lingua Galega e extraescolares	Toda a comunidade escolar	Decoración do Meco 15 €

3º TRIMESTRE

Mes de maio	Semana das Letras Galegas	Equipa de Dinamización da Lingua Galega e Biblioteca	Toda a comunidade escolar	Merca de libros de Xela Arias 38,25 €
-------------	---------------------------	--	---------------------------	--

MEMORIA FINAL DE CURSO 2020-2021

				Mercar Libros dos Bolechas e as Letras Galegas. 112€
Mes de xuño	Xornal O Alfar 28	Equipa de Dinamización Lingüística	Comunidade escolar, biblioteca.	Merca de cartolinas e folios para as revistas impresas 40 €

TOTAL DE GASTOS REALIZADOS.....386,63 €

Importe concedido ao EDLG (subvención).....358 €

Diferenza entre ingresos e gastos: $386,63 - 358 = 28,63€$ que asume como gastos de funcionamento o colexio.

V^{to} e Prace

A Directora

O coordinador

Asdo: Eva M^a Bouza Rey

Asdo: José Bernardo Montero Doce.

3.2- MEMORIA DO EQUIPO TIC- CURSO 2020-2021

1. COMPOÑENTES

Nuria María Pita Fernández	AL
María Carmen Julías Casás	E.I.
Dolores Sagrario González López	RELIXIÓN CATÓLICA
Dolores Basoa López	E.I.
Carlota Pena Freijomil	3º E.P.
Ana Ayala Rodríguez	E.I.
Belén Casanova Mayo	3º E.P.
Anilda Vidal Sanjurjo	6º E.P.
Lucía Vellón Fernández	Coordinadora do Proxecto E-DIXGAL 6º E.P.
Xulio Antonio Prieto Bermúdez	Coordinador-PT.

2. INTRODUCCIÓN

A presente memoria ten como obxectivo recoller as tarefas realizadas, así como as incidencias, progresos e dificultades rexistradas no CEIP A Gándara no relativo ás tecnoloxías da información e da comunicación no curso 2020-2021. Igualmente pretende indicar os obxectivos a cumprir para o vindeiro curso académico por parte do Equipo de Dinamización das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, así como polo resto da comunidade educativa.

Cabe indicar que este curso académico implantouse o Proxecto E-DIXGAL en 5º nivel de Educación Primaria (EP), e para o seguinte será posto en funcionamento tamén en 6º. Deste xeito o centro educativo segue adaptándose e actualizándose ás novas tecnoloxías, respondendo cada vez con máis eficacia ás necesidades e características da sociedade dixital.

3. TAREFAS REALIZADAS DENDE O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

A continuación imos expoñer as principais accións que realizou o equipo TIC no relativo ás novas tecnoloxías.

a) Infraestruturas e recursos persoais e humanos

- Asesorouse, por parte do equipo TIC ao resto do profesorado do centro no uso óptimo e eficaz da aula virtual e da páxina web.
- Dinamizouse, impulsouse e implicouse a todo o profesorado na utilización das TIC, fomentando o seu uso como unha ferramenta de traballo e explotando as súas posibilidades educativas.
- Resolvéronse, sempre que foi posible, aqueles problemas informáticos que non requirían da actuación da UAC (Unidade de Atención a Centros) ou dun informático.
- Inventariouse todo o material tecnolóxico da aula de informática e mantívose actualizado na plataforma XADE.
- En colaboración co resto do profesorado, analizouse o estado dos recursos TIC dispoñibles detectando as necesidades de materiais, debilidades e fortalezas do centro educativo no relativo ás novas tecnoloxías.
- Creáronse manuais que resumían os conceptos e indicacións básicas para o uso da páxina web e da aula virtual e difundíronse entre todo o profesorado do centro.
- Conseguíronse, a través da ANPA A BUXAINA, e coa axuda e intervención de Lucía Vellón, novos equipos informáticos para o centro educativo, así como biombos de separación para poder empregar os 25 ordenadores da aula de informática simultaneamente. Dende todo o profesorado do centro agradecemos a ambas a súa disposición e cooperación para poder manter en funcionamento a aula de informática e así favorecer a educación dixital do alumnado.
- Adquiríronse 2 ordenadores de sobremesa con placa base B460M-DS3H V2, 6 ordenadores portátiles VOSTRO 3501, 1 Tablet lenovo yogas marttab, 1 Tablet SPC GRAVITY PRO 10.1, 3 videocámaras, 3 trípodes, 11 ratos de ordenador e 5 alfombrillas. O Centro de Formación e Recursos de Ferrol tamén doou 9 pantallas de ordenador planas.

b) Páxina web do centro

- Actualizouse e modificouse, coa axuda e colaboración do xefe de estudos do centro Enrique Blanco, a páxina web do colexio facéndoa máis funcional e operativa.

- Editáronse e subíronse á aula virtual, á plataforma de YouTube e á páxina web do centro, coa cooperación de todo o profesorado, vídeos e imaxes relativos ás diferentes celebracións e eventos que se realizaron no colexio.
- Tomáronse fotografías panorámicas das diferentes instalacións do centro para transformalas en vídeos en 360º que agora forman parte da visita virtual do colexio na páxina web.
- Colaborouse co Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) na maquetaxe da revista Alfar do colexio.

c) Aulas virtuais do centro

- Configurouse a aula virtual do centro para o inicio do curso 2020/2021, organizándoa e dando de alta ao novo profesorado e alumnado, creando os cursos necesarios coa axuda do resto do profesorado do centro, actualizando as referencias do alumnado na aula virtual (cambiando a súa categoría de curso para facilitar a súa posterior pescuda no buscador), eliminando as contas do alumnado que xa non asiste ao colexio, dando acceso ao inspector do centro, e resolvendo as incidencias que xurdiron na mesma. Tamén se agrupou ao alumnado da aula virtual en “círculos”, é dicir, grupos enteiros de alumnos que poden ser matriculados cunha soa acción en cada curso, facendo así máis sinxela e rápida a súa matriculación.
- Deseñouse coa axuda de Lucía Vellón, a coordinadora E-DIXGAL do centro, un horario para o uso da aula de informática que tivera en conta as necesidades de tódolos cursos e mestres que precisasen usala. Igualmente a coordinadora E-DIXGAL e o coordinador TIC traballaron a competencia dixital do alumnado dos niveis de 3º e 4º de Educación Primaria (EP) de cara a familiarizalos coas novas tecnoloxías para cando se incorporen ao Proxecto E-DIXGAL en 5º curso de EP.

4. FORMACIÓN DO PROFESORADO

Durante todo o curso académico, o profesorado do centro formouse no manexo eficaz das novas tecnoloxías, mellorando as súas destrezas e aumentando os recursos dixitais dos que dispoñía para afrontar os procesos de ensinanza e aprendizaxe nos discentes.

Os cursos que se realizaron este curso académico 2020-2021 foron: **“Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes”** (nivel básico) e **“Aproveitamento didáctico de ferramentas institucionais para o ensino mixto”** (nivel avanzado). E dentro do Plan de Formación Permanente do Profesorado,

realizáronse os cursos de “**Edixgal na casa**”, “**Actualización no uso de ferramentas tecnolóxicas**”, e o seminario “**Traballamos con E-DIXGAL e Robótica**”.

Así mesmo, o profesorado tamén se seguiu formando de maneira autodidacta aproveitando os recursos en rede, os tutoriais e a información dispoñible nas diferentes páxinas web institucionais e do eido educativo para poder desempeñar dunha maneira máis eficiente as súas competencias dixitais e ensinárllas ao resto do profesorado e ao alumnado do centro.

5. INCIDENCIAS E PROBLEMAS ATOPADOS

Ademais das incidencias habituais polo funcionamento diario dos equipos informáticos do centro, debemos destacar que existe unha mala conexión a internet nas aulas de infantil por falta de cables de conexión, e que algúns canóns e ordenadores quedaron obsoletos e deben ser renovados. Igualmente, ao longo do curso, algúns ordenadores que aínda non foran renovados ou que tiñan algún problema de funcionamento impediron traballar neles con normalidade en varias ocasións.

6. OBXECTIVOS E PROPOSTAS DE MELLORA DE CARA AO VINDEIRO CURSO

De cara ao vindeiro curso, establecemos as seguintes propostas de mellora en base ao análise das experiencias coas TIC sucedidas no actual:

1. Instalar cables de conexión nas aulas de infantil na planta baixa para solucionar os problemas de conexión a internet.
2. Seguir revisando e renovando os ordenadores e canóns do centro e da aula de informática.
3. Realizar unha folla diaria de incidencias da aula de informática que se cubrirá diariamente e que completará as revisións dos equipos realizadas polo coordinador TIC, indicando se houbo ou non incidencias e en que equipos, para que o coordinador intente resolvelas antes da seguinte sesión ou avise ao informático o antes posible.
4. Continuar traballando a competencia dixital do alumnado de todo o centro, e en especial co de 3º e 4º nivel de Educación Primaria, para que se desenvolvan adecuadamente cos ordenadores E-DIXGAL en cursos posteriores.
5. Promover a competencia dixital do profesorado a través de novos cursos de formación e compartindo os coñecementos dixitais a través da difusión de guías, videotutoriais, reunións, etc.

MEMORIA FINAL DE CURSO 2020-2021

6. Solicitar á Policía Nacional unha charla para o alumnado de Educación Primaria sobre os perigos de internet e das redes sociais.
7. Incentivar a adquisición de aprendizaxes e a motivación do alumnado aproveitando os recursos que ofrecen as novas tecnoloxías.
8. Facilitar ao profesorado estratexias e recursos TIC que lles permitan adaptar a metodoloxía e actividades de aula á era dixital.
9. Amosar á comunidade educativa os beneficios da robótica aplicada aos procesos de ensinanza de aprendizaxe, instando ao centro a participar no programa de innovación educativa “introdución á robótica educativa en primaria”, e formando ao profesorado e ao alumnado nela.
10. Adquirir novos robots para aplicar a robótica educativa nas aulas de Educación Infantil e Primaria.

O xefe de estudos:

O coordinador:



Asdo: Enrique Blanco Guillén

Asdo: Xulio Antonio Prieto Bermúdez

3.3-MEMORIA DA BIBLIOTECA-CURSO 2020-2021.

EQUIPO DE BIBLIOTECA

Durante o presente curso escolar 2020-2021 o equipo de biblioteca estivo formado polas seguintes profesoras :

- M^a del Mar Rey Lago (EI)
- Fátima M^a Muiños Rodríguez . (EI)
- M^a Belén Bellón Navarro (EI)
- Nuria Guitiérrez González (1^o ciclo)
- Sabela Casal Sánchez (1^o ciclo)
- Sara Cives Negreira (Orientadora)

- Eva M^a Bouza Rey (3^o ciclo)
- Susana Santalla Fernández (3^o ciclo)
- M^a Dolores Carpenle Carpenle(2^o ciclo)
- **Coordinadora** M^a Elena Pérez Fernández (2^o ciclo)

TRABALLO NA BIBLIOTECA

A coordinadora foi a encargada de elaborar o protocolo, así como preparar á biblioteca segundo está exposto no protocolo.

Este curso foi un curso moi especial para tod@s debido á situación de pandemia que estamos a vivir polo que nos afecta en todo o relacionado co noso traballo nas aulas e por suposto afectou tamén ao funcionamento da biblioteca.

Este curso a encargada da biblioteca foi M^a Elena Pérez Fernández, a que se lle asignaron catro sesións semanais para traballar nela.

O seguinte traballo que fixo foi dar de alta a novos usuarios, tanto alumnado de primeiro como novo profesorado e actualizar os de todo o colexio.

A coordinadora dedicou a maior parte do tempo á catalogación de fondos do curso anterior e aos novos deste curso, hai que dicir que aínda quedan fondos na biblioteca sen catalogar para o vindeiro curso.

Este ano recibíuse unha partida de 2000 Euros para dotar de libros á Biblioteca do centro. Esta partida gastouse integramente.

A elección dos libros correu a cargo de todo o profesorado que quixo participar e do Equipo da Biblioteca, facendo todos e todas aportacións interesantes.

Tivéronse reunións presenciais, cando se puido e telefónicas coas distintas editoriais que nos ofertaban o seu fondo bibliográfico, para posteriormente facer unha selección de libros atendendo a diferentes criterios:

Libros en galego e en castelán, para nenos e nenas prelectores, (etiqueta azul, alumnado de infantil, 1^o e 2^o), para primeiros/as lectores/as (etiqueta vermella, para 3^o e 4^o), para lectores/as autónomos/as (etiqueta verde, para alumnado de 5^o e 6^o curso), e libros para lectores/as expertos/as (etiqueta amarela, para alumnado de 6^o).



Unha vez atendidas todas as idades, intentamos abarcar todos os apartados, co fin de ter unha biblioteca diversa e equilibrada en canto aos seus fondos bibliográficos (diccionarios, libros informativos, CD, libros de moral e ética, mitoloxía, tempo de lecer, medio ambiente, astronomía, saúde, arte, música, deportes, prevención do acoso, bullying, contos para a igualdade, diversidade e inclusión, literatura infantil e xuvenil, etc).

Continuouse coa ampliación de coleccións xa iniciadas en cursos anteriores.

Unha vez seleccionados, mercábanse e procedíase a súa catalogación tendo en conta a CDU (Clasificación Decimal Universal)

HORARIO DA BIBLIOTECA

Co fin de respectar o protocolo Covid, fixemos unha nova organización para as visitas do alumnado á biblioteca, respectando o grupo burbulla, polo que cada día so podían asistir no recreo aqueles alumnos/as interesados/as dun curso, co fin de que non se mesturaran cos outros cursos.

Durante o primeiro trimestre so asistían o alumnado de cuarto, quinto e sexto, pero as profesoras de terceiro pediron que o seu alumnado puideran tamén asistir á Biblioteca no tempo de lectura polo que se fixo unha nova distribución horaria co fin de que eles tamén puideran ir.

A Biblioteca abría todos os días no recreo, había un horario que o cubrían dous profesores de luns a venres, eran os encargados de recoller as devolucións de libros e tamén dos empréstitos.

ACTIVIDADES REALIZADAS NA BIBLIOTECA

Durante este curso, non se fixeron actividades na biblioteca, debido ao Covid, o que si se fixo foi achegar a biblioteca ás aulas artellando un sistema de préstamos dos fondos da Biblioteca ás aulas, co fin de que gozaran todos/as aqueles/as que quixeran da dotación da Biblioteca do centro.

MEMORIA FINAL DE CURSO 2020-2021

Así as titoras que quixeron foron á Biblioteca e colleron os exemplares que máis lles gustaban e os que consideraban máis idóneos para o seu alumnado, o número de exemplares e o tempo de devolución fíxose de maneira flexible, despois metíanse nunha caixa para que pasasen a corentena e por último colocábanse nos andeis unha vez desinfectados.

DIA DAS LETRAS GALEGAS:

Celebramos o día das Letras Galegas en colaboración co EDLG, cada un na súa clase, na Biblioteca contribuímos á dar información sobre a autora deste ano que foi Xela Arias, polo que mercamos un exemplar da súa biografía para cada Ciclo e tamén se mercaron libros desta autora, poemas e Cds recitando ela os seus propios poemas.

Así mesmo mercamos varios exemplares do “Manual de uso da lingua galega” co fin de que todos os ciclos tivesen un exemplar para actualizar os máis vellos.

ACTIVIDADES PENDENTES PARA O CURSO QUE VÉN:

- **Formación de usuarios na Biblioteca Escolar**, tanto para o profesorado como para o alumnado. Aínda hai moitos profesores e alumnos que non saben moverse na biblioteca para atopar a información que precisan.
- **Aumentar fondos bibliográficos e dixitais** para a realización do traballo por Proxectos.
- **Formar a mais profesorado no programa de xestión MEIGA.**
- **Os carriños da lingua:**

Esta actividade faise todos os anos agás este polo Covid 19.

E para rematar unha reflexión final e moi necesaria.

A coordinadora da Biblioteca opina que para que esta funcione correctamente é moi necesario a colaboración e a implicación de todos os membros do equipo de biblioteca, e isto non se puido levar á cabo debido á carga lectiva de todo o profesorado, foi totalmente imposible a colaboración xa que o profesorado estivo en todo momento ocupadísimo atendendo a todas as necesidades da súas titorías, gardas, apoios e a todo o traballo extra que se nos caeu enriba polo tema do Covid.

MEMORIA FINAL DE CURSO 2020-2021

Dende aquí, unha vez máis, e sabendo que esta petición non vai ser atendida, reivindico un horario con menor carga lectiva directa co alumnado co fin de poder traballar na biblioteca, (preparación de actividades diversas) traballo que redundará na calidade educativa e formativa dos/as seus/súas usuarios/as e tamén mais profesorado para que a calidade de ensino mellore.

As catro sesións semanais que ten a coordinadora non abundan para facer todo o traballo dunha bibliotecaria, xa que so a selección, compra e catalogación dos libros necesita destas sesións e algunhas mais.

O xefe de estudos

A coordinadora

Asdo. Enrique Blanco Guillén

Asdo.Elena Pérez Fernández

3.4- MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

ÍNDICE

- 1.-Composición do Departamento de Orientación
- 2.-Análise e consecución de obxectivos propostos e modificacións
- 3.-Motivos de valoración e derivación a apoio educativo
- 4.-Metodoloxía empregada
- 5.-Actuacións/ actividades desenvoltas dende o DO
- 6.- Formación dos especialistas do DO
- 7.-Avaliación
- 8.-Valoración do grao de consecución dos obxectivos e propostas de mellora

MEMORIA FINAL DE CURSO 2020-2021

1. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

COMPONENTES	REPRESENTACIÓN
Mónica Méndez Sachocos	Especialista en PT
Xulio Antonio Prieto Bermúdez	Especialista en PT
Nuria María Pita Fernández	Especialista en AL
Alba Sanmartín Miramontes	Especialista en AL (Praza de Preferente)
Sara Cives Negreira	Xefa do DO

2. ANALISE DE CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS E MODIFICACIÓNS.

Neste curso 2020/21, o Departamento de Orientación atendeu un total de 12 unidades de Educación Primaria e 6 unidades de Educación Infantil.

Un dos puntos febles do presente curso académico, consideramos que foron a pouca comunicación e coordinación, dentro do DO, así como coas titorías ao non fixar un horario establecido para poder levar a cabo as mesmas. En múltiples ocasións realizábanse pequenas reunións informais, nos corredores e/ou durante os recreos e nas gardas de patio, sendo estas insuficientes e pouco produtivas.

OBXECTIVOS PRIORITARIOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN		SI	EN PROCESO
Co Equipo Directivo	Asesorar e ofrecer apoio técnico, desde o ámbito das súas competencias, no desenvolvemento do proxecto educativo. Aínda que en momentos do curso académico foi unha tarefa complexa.	X	
	Colaboración no desenvolvemento do plan de mellora da convivencia.	X	
Co Profesorado	Asesorar e ofrecer apoio técnico para a elaboración de Adaptacións Curriculares.	X	
	Deseño de actuacións de mellora de da convivencia e prevención do acoso escolar.		X
	Deseñar e poñer en marcha accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades do desenvolvemento persoal, social ou de aprendizaxe.	X	

MEMORIA FINAL DE CURSO 2020-2021

	Valorar as necesidades educativas dos alumnos e alumnas e propoñer medidas de atención á diversidade.	X	
	Facilitar información do grupo obtida mediante probas estandarizadas e rexistros.	X	
	Ofrecer asesoramento e apoio ao profesorado en xeral no seu proceso de ensino ante problemáticas concretas.	X	
Co Alumnado	Facilitar asesoramento e apoio ao alumnado para afrontar os momentos escolares máis decisivos e a resolución de conflitos de relacións interpersoais.	X	
	Valoración ao remate de cada ciclo, a través de probas estandarizadas.	X	
	Seguimento do proceso de ensino- aprendizaxe dos alumnos e alumnas que teñen apoio.	X	
Coas familias	Asesorar sobre aspectos do seu interese.	X	
	Fomentar a colaboración familia-escola	X	
Outros	Colaborar cos Servizos Externos para unha mellor resposta ás problemáticas concretas do noso alumnado. (aínda que observamos que este obxectivo é bastante optimista, xa que dende o centro educativo estamos a realizar múltiples informes, chamadas...)	X	

3.-MOTIVOS DE VALORACIÓN E DERIVACIÓN A APOIO EDUCATIVO

Durante o presente curso escolar e dada a situación vivida polo COVID-19, consideramos que as necesidades específicas de apoio educativo do centro

A realización dunha valoración e derivación ao profesorado de apoio, seguiu sempre uns criterios de lóxica e maximización dos recursos existentes de modo que neste momento, a intervención versou na atención de:

- ð Dificultades xeneralizadas na aprendizaxe e no desenvolvemento e retraso evolutivo.
- ð Dificultades de aprendizaxe derivadas de problemas relacionados con posibles déficits de atención.
- ð Alteracións da fala, linguaxe, prosodia e fluidez verbal.
- ð Problemas condutuais motivados por ausencia de patróns de comportamento estables a nivel familiar.
- ð Dificultades espazo- temporais e torpeza visomotriz.
- ð Detección de altas capacidades intelectuais

4.-METODOLOXÍA EMPREGADA

Principios psicopedagóxicos:

As actuacións desenvolvidas caracterizáronse por ser:

- ▲ Abertas: capaces de interactuar co medio.
- ▲ Flexibles: capaces de adaptarse e acomodarse a diferentes situacións, circunstancias persoais, espaciais e temporais.
- ▲ Dinámicas: capaces de poder establecer diferentes tipos de relacións tanto con axentes internos como externos ao centro.

A metodoloxía didáctica estivo orientada ao desenvolvemento integral do alumnado, integrando as súas experiencias e aprendizaxes. Así, a liña pedagóxica empregada baseouse nun ensino activo, globalizador e personalizado para poder atender á diversidade. Á hora de levar a cabo a intervención baseámonos nos seguintes criterios:

- ★ Ter presente o nivel de desenvolvemento, os coñecementos previos e os intereses do alumnado.
- ★ Asegurar as aprendizaxes significativas con intervencións que tivesen un carácter lúdico.
- ★ Axudar ao profesorado para poder ofrecer un clima adecuado, cunha actitude positiva, onde o alumnado puidese sentirse cómodo e participe dos procesos de ensino-aprendizaxe.
- ★ Potenciar a colaboración das familias para que fosen quen de organizar e ampliar actividades a diferentes contextos, xa que como di Brenan, deste xeito asegúrase a coherencia e continuidade na actuación formativa, ao mesmo tempo que se estreitan os lazos afectivos na unidade familiar.

5.-ACTUACIÓNS/ACTIVIDADES DESENVOLTAS DENDE O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

O Departamento de Orientación pretende de actuación de prevención que permite chegar a todo o alumnado do centro e non só aos que teñen dificultades. A idea é evitar que eses problemas aparezan en calquera dos momentos críticos que se poden dar ao longo da evolución do alumnado en conexión co proceso de aprendizaxe.

Así pois as intervencións que realizou o Departamento incidiron no eido psicopedagóxico e socio-familiar.

A continuación recóllense as actuacións levadas a cabo nos distintos niveis de intervención:

Actuacións a nivel do alumnado:

- ϕ Axuste das propostas de apoio educativo por parte das especialistas en PT e en AL, á realidade de cada alumno/a, con intervencións inclusivas, orientadas polo potencial de aprendizaxe do alumnado.
- ϕ Observacións de condutas na aula, análise de producións, revisión de traballos e posterior intervención en aula ou fóra dela.
- ϕ Realización de avaliacións psicopedagóxicas cos seus correspondentes informes, coa finalidade de detectar posibles NEE e fundamentar as correspondentes propostas e decisións (posta en marcha de 2 DIAC, actuación directa dende o DO e 7 solicitudes de intervención do EOE da provincia da Coruña).
- ϕ Revisión e actualización, en colaboración cos titores, dos DIAC elaborados en cursos anteriores, para a súa autorización por parte de Inspección Educativa e a posterior posta en práctica (1 alumno escolarizado en 3º EP e 1 alumno escolarizado no 6º EP).
- ϕ Fortalecemento do autoconcepto e autoestima de determinados alumnos/as desenvolvendo as súas competencias persoais.
- ϕ Valoración psicopedagóxica dun total de 43 alumnos e alumnas (dos que 38 foron avaliados por petición persoal das titoras/es, 3 por parte das familias e outros para dar resposta a discapacidades, dependencia e outros axentes)
- ϕ Valoración fonética-articulatoria por parte das mestras de Audición e Linguaxe

MEMORIA FINAL DE CURSO 2020-2021

de 35 alumnos/as.

Así mesmo pónse en marcha a apertura do protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia en varios casos de alumnos/as que se atopan en seguimento por parte do DO, no que a orientadora colabora como axente activo.

- Levouse a cabo 4 sociogramas durante o presente curso en 2º e 4º EP para comprobar os lazos e vínculos entre o alumnado, para a reorganización dos grupos para equilibrar as NEAE de ámbolos grupos.
- Seguimento do nivel curricular do alumnado de 6º EI, 2º EP e 6º EP a partir das Baterías de Aptitudes Diferenciais e Xerais (BADyG I, E1 e E3).

Actuacións a nivel de aula (co profesorado):

- ϕ Colaboración na elaboración ou revisión e actualización das AC.
- ϕ Orientacións sobre as actuacións a levar a cabo coas familias do alumnado atendidos dende o DO e facilitar a cooperación entre ambos.
- ϕ Información sobre determinados aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento de cada alumno.
- ϕ Facilitar o contacto entre o profesorado (titores/as e especialistas) e os diversos profesionais externos ao centro que están a intervir co alumnado atendido dende o DO, mediante reunións conxuntas.
- ϕ Dar pautas de intervención ante problemas condutuais, necesidades asociadas a TEA, TDAH...

Actuacións a nivel de centro:

- ϕ Elaboración de horarios (para todos os cursos e niveis das etapas de EI e EP respectivamente) nos que se recollen os RE por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria e os apoios por parte das mestras especialistas en PT e en AL.
- ϕ Velar pola confidencialidade da documentación recollida no DO.
- ϕ Adquisición de material e de equipamento específico para o DO.
- ϕ Participación nas sesións de avaliación para o deseño de actuacións conxuntas que permiten a coherencia das respostas educativas.
- ϕ Cumprimentación das solicitudes de axuda para o alumnado con NEAE,

seguindo o disposto na *Resolución do 8 de agosto de 2020*.

- ϕ Cumprimentación do DRDADI.
- ϕ Cumprimentación do DRD orienta.
- ϕ Elaboración de protocolos, autorizacións, solicitudes, para demandar a intervención do DO.

Actuacións a nivel do contorno:

- ϕ Promover a cooperación entre o centro e as familias dos alumnos atendidos dende o DO, para valorar conxuntamente a evolución do alumno nos diversos contornos nos que se desenvolve (familiar, escolar, social). As canles de comunicación empregadas a este nivel foron: encontros periódicos no colexio (só coa orientadora; cos titores/as e coa orientadora; cos titores/as, mestres/as especialistas e co orientador), chamadas telefónicas, cartas, correos electrónicos.
- ϕ Solicítase a intervención do EOE da provincia da Coruña para valorar a alumnado TEA, con altas capacidades intelectuais e con TDAH.
- ϕ Intercambio de información con organismos públicos (Servizos Sociais, dependencia, neuroloxía, atención temperá...) que traballan con determinados alumnos escolarizados no centro, ben por vía telefónica ou telemática ou ben a través de reunións presenciais no colexio.

6.- FORMACIÓN DOS ESPECIALISTAS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

As especialistas de AL, especialistas de PT e Orientadora ao longo do curso participaron en varios destes en cursos:

- ∩ Formación de coordinación entre os equipos de orientación específicos e os departamentos de orientación
- ∩ Formación para a xestión da aula de educación primaria no contexto da Covid-19
- ∩ Formación en atención á diversidade para especialistas do departamento de orientación
- ∩ Aproveitamento didáctico de ferramentas institucionais para o ensino mixto
- ∩ Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes.
- ∩ Traballamos con EDIXGAL e Robótica.

- ↻ Internacionaliza a túa escola. Erasmus+, eTwinning e outras propostas. Curso 2020/21.

7.-AVALIACIÓN

Criterios de avaliación:

Para levar a cabo a avaliación dunha maneira construtiva tivéronse en conta os seguintes criterios:

- ♥ Grao de consecución dos obxectivos propostos a través da análise dos resultados.
- ♥ Valoración da eficacia das medidas postas en marcha e da idoneidade das actividades realizadas (motivación, implicación do alumnado, actitudes manifestadas...). Grao de adecuación das diferentes accións ás necesidades do alumnado, da familia e do centro.
- ♥ Valoración dos recursos empregados (adecuación dos mesmos ás necesidades existentes).
- ♥ Nivel e grao de adecuación da temporalización e dos espazos.

Para avaliar as aprendizaxes do alumnado, nun primeiro momento realizouse a avaliación inicial mediante a observación, revisión de informes anteriores, intercambio de información con mestres e familias e realización de algunhas probas de avaliación inicial. Para a avaliación continua, realizouse o seguimento dos nenos por medio de rexistros e sesións de avaliación trimestrais. Ao remate do curso, realizouse a avaliación final por medio das mesmas técnicas, recollendo a información por escrito en informes finais.

Fontes e instrumentos de avaliación:

Para proceder a dita avaliación empregáronse distintos instrumentos e procedementos como: observación sistemática dos alumnos, entrevistas cos pais/nais, reunións cos mestres/as e con especialistas externos ao centro (do eido educativo, sanitario, social...), probas estandarizadas.

8.-VALORACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS E PROPOSTAS DE MELLORA.

A valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos no Plan de Orientación Anual, foi considerada positiva, pero moi mellorable.

Dende o Departamento de Orientación aínda que se conseguiron con éxito un alto número de obxectivos propostos, consideramos que quedaron algúns por levarse a cabo, debido á falta de tempo.

Como propostas de mellora citaríanse as seguintes:

- ✚ Seguir priorizando os reforzos educativos das especialistas de audición e linguaxe e de pedagogía terapéutica, comezando polos niveis máis baixos, establecendo unha melloría nas horas de apoio e favorecendo a flexibilidade de ditos apoios.
- ✚ Outra proposta de mellora consistiría en realizar máis reunións de coordinación entre os propios membros do Departamento de Orientación e entre estas coas mestras titoras, para levar a cabo un traballo moito máis coordinado cos alumnos con necesidade específica de apoio educativo.
- ✚ Maior difusión dos obxectivos que se pretenden acadar dende o DO.
- ✚ Manter as coordinacións cos recursos persoais a través de nexos de comunicación axeitados.
- ✚ Continuar co seguimento do alumnado ao que se lle aplicou o BADyG para detectar posibles dificultades e aplicarlle aos seguintes cursos: 6º EI, 2º EP, 4º EP e 6º EP.

Concluimos manifestando a importancia de favorecer a integración dos alumnos con necesidade específica de apoio educativo a través de campañas de sensibilización, pero sempre dende unha perspectiva integradora e lóxica, non como unha categorización distintiva e irracional.

O Xefe de Estudos

A Xefa do Departamento de Orientación

Asdo: Enrique Blanco Guillén

Asdo : Sara Cives Negreira

3.5-MEMORIA DE COORDINACIÓN PEDAGÓGICA.

No curso 2020/2021 formaron parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) as seguintes persoas:

- D^a. Eva M^a Bouza Rey (Directora).
- D. Enrique Blanco Guillén (Xefe de Estudos).
- D^a. Dolores Basoa López (Educación Infantil).
- D^a. Sabela Casal Sánchez (1^o e 2^o de Educación Primaria).
- D^a. Belén Casanova Mayo (3^o e 4^o de Educación Primaria).
- D^a. Silvia M^a Sabín Mesa (5^o e 6^o de Educación Primaria)
- D^o. Sara Cives Negreira (Xefa do Departamento de Orientación).
- D. Xulio Antonio Prieto Bermúdez (Especialista en Pedagogía Terapéutica)
- D^a. Mónica Méndez Sachocos (Especialista en Pedagogía Terapéutica).
- D^a. Nuria M^a Pita Fernández (Especialista en Audición e Linguaxe).
- D^a Alba Sanmartín Miramontes (Especialista en Audición e Linguaxe)
- D^a Elena Pérez Fernández (Dinamización da Biblioteca)
- D. José Bernardo Montero Doce (Dinamización da Lingua Galega)

No presente curso académico fixéronse tres reunións, unha por trimestre, nas que se abordaron os seguintes puntos:

Na primeira reunión celebrada o día 15 de decembro de 2020:

1. Cambios nas programacións.
2. Aula virtual do centro.
3. Aclaracións sobre o COVID-19.
4. Entradas e saídas do alumnado do centro.
5. Día festivo, biblioteca e comedor escolar.
6. Rogos e preguntas.

A segunda reunión sucedeu o 19 de xaneiro de 2021 e trataronse os seguintes temas:

1. Datas de avaliación do segundo trimestre.
2. Notificacións en ABALAR.
3. Modificacións dos apoios.
4. Adquisición de novos recursos para o centro.

MEMORIA FINAL DE CURSO 2020-2021

5. Titorías telefónicas.
6. Reparacións no colexio.
7. Rogos e preguntas.

A terceira e derradeira reunión da CCP foi o 27 de abril de 2021, e nela tratouse o seguinte:

1. Acordar criterios para mesturar grupos de alumnos.
2. Rogos e preguntas.

O Xefe de Estudos

O secretario da CCP



Asdo: Enrique Blanco Guillén

Asdo: Xulio Antonio Prieto Bermúdez.

3.6- MEMORIA DE EDUCACIÓN INFANTIL. CURSO 2020-2021

Os membros do equipo de Educación Infantil durante o curso 2020-21 foron:

- Ed. Infantil 3 anos A: M^a del Mar Rey Lago
- Ed. Infantil 3 anos B: Fátima M^a Muíños Rodríguez
- Ed. Infantil 4 anos A: Alba Tenreiro López
- Ed. Infantil 4 anos B: Carmen Caruncho Prado
- Ed. Infantil 5 anos A: Ana Ayala Rodríguez
- Ed. Infantil 5 anos B: M^a del Carmen Julías Casas
- 7^a plaza de Educación Infantil : Belén Bellón Navarro (apoio)
- 8^a plaza de Educación Infantil: Dolores Basoa López(apoio)
- Relixión:Dolores González López.
- Lingua Estranxeira :Emma M^a Salgueiro Veiga
- Educación Física : Enrique Blanco Guillén y Bernardo Montero Doce
- Educación Musical : Angel M. Sieira Fungueiriño
- Orientadora: Sara Cives Negreira

MEMORIA FINAL DE CURSO 2020-2021

- PT:Mónica Méndez Sachocos e Xulio A. Prieto Bermúdez.
- AL: Alba Sanmartín Miramontes.
- Coordinadora: Dolores Basoa López.

Fixéronse as reunións de Ciclo correspondentes, nas que se trataron os seguintes temas:

- Composición de Ciclo e elección de coordinadora .
- Reparto nos equipos de dinamización.
- Organización do comezo do curso pola covid-19
- Acordos sobre as necesidades materiais do ciclo e gasto de presuposto asignado.
- Programación da participación nas diferentes festas e conmemoracións no colexio (Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Antroido, Letras Galegas...)
- Eleccións de ítems para os boletíns de información trimestral.
- Elección de material para o vindeiro curso.
- Elaboración da memoria.
- Solución de problemas que foron xurdindo no ciclo.

Este curso debido á situación xerada pola pandemia non se fixeron saídas escolares fora do recinto.

Fixéronse as reunións iniciais de pais de principio de curso con todas as medidas sanitarias segundo o protocolo covid-19, así como tamén a reunión final de ciclo.

As titorías tiveron lugar os martes de 16:00 a 17:00, con aqueles pais que o solicitaron, podían ser telefónicas ou presenciais, estas últimas tomando todas as medidas sanitarias segundo o protocolo covid -19.

O número total de alumnos/as en Educación Infantil foi de 135. Unha das alumnas de 4º de infantil tiña a escolarización combinada con outro centro (CEE Terra de Ferrol), finalmente non asistiu de xeito presencial, xa que lle foi concedida a ensinanza domiciliaria. Nos meses de maio e xuño incorporouse presencialmente ao CEE Terra de Ferrol os mércores, xoves e venres.

Tamén tivemos escolarizada en 4º de Educación infantil unha alumna diagnosticada TEA que foi valorada no mes de maio polo equipo específico. Resultou moi complicada levar a cabo a labor educativa nesa aula, xa que a alumna precisaba, en todo momento, unha persoa pendente dela, debido a comportamentos tales como:

estados de frustración que desembocaban en agresións tanto para ela como para os que estaban ao seu arredor. En moitas ocasións saía correndo da súa aula, polo que era precisa unha supervisión permanente. O tempo que permanecía na aula, non era capaz de estar sentada máis de cinco minutos, deambulando e emitindo sons que alteraban ao resto do grupo.

Nas clases de educación infantil tivemos alumnos que recibiron atención individualizada por parte do Departamento de Orientación por parte do profesorado de AL e/ou PT.

Para poder atender todas as necesidades necesitaríamos mais especialistas de PT e AL no centro.

Cabe destacar tamén que algúns nenos de Educación Infantil presentaron problemas de conduta.

Neste curso atopamos as seguintes dificultades :

- Excesiva ratio en Educación Infantil.
- Cando chove non se pode saír ao recreo.
- Aulas e espazos comúns moi reducidas en relación á ratio.
- Firme da zoa dedicada ao fútbol non é o axeitado para o patio de infantil. É prexudicial para a saúde dos nosos alumnos polo po que se levanta, alerxias, esvaran os nenos constantemente...etc..
- Os baños dedicados aos nenos e nenas de Ed. Infantil necesitan reformas para o seu bo funcionamento, posto que os dos nenos están vellos, polo que levamos anos reclamando a súa renovación e ao das nenas caeulle parte do teito.e se encharcan cando chove. Cabe resaltar tamén as goteiras que se forman na entrada do colexio, diante das aulas de infantil, nas que hai que poñer baldes para recoller a auga. Entorpecen o paso, ao mesmo tempo que o fan perigoso para as crianzas máis pequenas.
- Mobiliario das aulas (armarios e mesas e cadeiras de profesoras), así como os xogos de espuma que temos para os recreos do alumnado de 3 anos cando chove, atópanse moi deteriorados e precisan ser renovados.

Solicitamos para o vindeiro curso 2021-22 :

- Acondicionamento para os nenos de educación infantil dos baños situados preto das aulas de 6º de infantil, para aumentar o número de wc, xa que nos resultan insuficientes os que temos na actualidade.
- Crear patios dinámicos na zoa de infantil.
- Cubrir con céspede artificial a zoa de terra e pedras do patio.

Por todo isto solicitamos que se fagan as xestións oportunas encamiñadas a solventar estas dificultades e poder levar a cabo a nosa labor docente dun xeito máis racional e digno.

Este curso promocionan todos/as os/as alumnos/as de 6º de Ed.Infantil. En total 47 alumnos/as.

O Xefe de Estudos

A Coordinadora

Asdo: Enrique Blanco Guillén

Asdo: Dolores Basoa López

3.7- 1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA- CURSO 2020-2021

O equipo do 1º ciclo de educación primaria estivo formado por:

1. **Nuria Gutiérrez González**(Titora 1ºB)
2. **Mº José González Castro**(Titora 1ºA)
3. **Ana Graña Piñeiro**(Titora 2ºA)
4. **Sabela Casal Sánchez**(Titora 2ºB)(Coordinadora do primeiro ciclo)
5. **Emma Mª Salgueiro Veiga**(Mestra especialista: Inglés)
6. **Dolores Sagrario González López**(Mestra especialista: Religión Católica)
7. **Nuria Mª Pita Fernández**(Mestra especialista: Audición e Linguaxe)
8. **Belén Trillo Pérez**(substituta de titora de 2ºB)

CONTEXTO,SEGUIMIENTO E CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS:

Durante o curso 2020-2021, estiveron escolarizados un total de 98 alumnos e alumnas;repartidos do seguinte xeito: 24 nas aulas de 1º B e 2ª B e 25 nas aulas de 1º A e 2º A.

Promocionan todos os alumnos/as aos seus respectivos niveis. No caso de 1º B promociona por imperativo legal unha nena que estaba repetindo aínda que non alcanzou os obxectivos mínimos do curso en varias áreas.

Ao comezo do curso debido as circunstancias particulares nas que nos atopamos por mor do confinamento no anterior tivemos que modificar e adaptar as programacións as circunstancias especiais que estamos vivindo, fixemos as programacións seguindo os seguintes criterios:

- Engadir un apartado cun **Plan de Recuperación** onde reflectimos os contidos e obxectivos do curso anterior que repasamos antes de comezar cos propios deste ano.
- Especificar no apartado de avaliación cómo avaliaremos en caso de confinamento e que estándares serán avaliados (con porcentaxes) e cales non.
- Creación dun curso na aula virtual onde os pais e nais teñan acceso directo as tarefas que se realizan na aula (para poder garantir a ensinanza virtual en caso de confinamento ou corentena).
- Por outro lado, dende inspección e o equipo directivo déronnos uns protocolos que modificaron o uso das nosas aulas e das rutinas diarias para garantir a seguridade dos alumnos e alumnas. Dentro destas medidas podemos destacar as seguintes:
 - Entradas e saídas graduadas.
 - Recreo en cada aula permanecendo os alumnos xuntos e coa demais.
 - Ventilación das aulas cada 15 minutos.
 - Limpeza e desinfección de mans continua.
 - Uso de máscaras durante toda a xornada escolar, excepto na parva que se fará o aire libre.
 - Organización da aula coma o maior espazo posible de separación entre os nenos e nenas.

Todo isto foi realizado de forma correcta tanto no noso ciclo como no noso centro, sen aulas pechadas durante todo o curso escolar.

MEMORIA FINAL DE CURSO 2020-2021

Como todos os anos contamos cun presuposto por aula para gastar en materiais necesarios para o alumnado ou profesorado, eneste curso viuse incrementado 40 euros por aula.

Como equipo, durante o curso leváronse a cabo todas as reunións precisas para a tomade decisións comúns e para valorar as posibles casuísticas que xurdiron durante o mesmo, como compra de materiais para cada aula, organización da aula virtual, dúbidas sobre asprogramacións,etc.

O departamento de orientación prestounos os servizos precisos ao longo do curso para que todas as aulas tiveran os apoios necesarios segundo as características decadaunha e realizando o seguimento de cada un dos apoios por parte do PT e AL. No derradeiro trimestre realizáronse no segundo curso unhas probas estandarizadas a todo o alumnado para ver as súas capacidades e coñecer un pouco máis a cada neno e nena que cambian de ciclo. Ademais no transcurso do curso acudiu o Equipo de Orientación Específico para valorar a outro neno de primeiro curso e así concretar as medidas necesarias que se deben de levar a cabo para traballar con dito neno e que se teñan en conta os apoios precisos para o mesmo. Tamén resaltar que por decisión do equipo directivo actual o curso que ven as clases de segundo que pasan a terceiro serán mesturadas debido as diferentes necesidades e dificultades atopadas ao longo destes anos nas mesmas, para facer os novos grupos de 3º A e B fíxose un sociograma e tomouse en conta as necesidades e dificultades de aprendizaxe que se atopan en ambas aulas contando coas opinións de todo o profesorado que imparte clase nas mesmas.

RELACIÓN COAS FAMILIAS:

Ao comezo do curso, as mestras titoras mantiveron unha reunión conxunta coas familias do seu alumnado, coa finalidade de informalas de todos os aspectos esenciais en canto ao funcionamento e organización do curso. Nela tratáronse, indubidablemente, aspectos básicos como: saídas escolares, avaliacións, organización das entradas e saídas, as merendas, aspectos metodolóxicos, actividades complementarias, etc

Tras a petición dos pais/nais, este ano, levouse a cabo unha reunión final de curso para dar a coñecer como foi o mesmo e resolver dúbidas.

Así mesmo, as titoras estaban a disposición dos pais/nais en horario de tutoría (martes de 16:00 a 17:00 horas), para manter entrevistas individuais e favorecer o intercambio

de información bidireccional e manter un fío de colaboración familia- escola. Algunhas destas titorías, sobre todo nos peores momentos de repuntas de contaxios, fixéronse de forma telefónica para garantir a seguridade de todos.

Ademais este ano para facer comunicados as familias empregouse o sistema Abalar tanto para solicitar titorías coma para enviar información aos pais e nais e tamén para o envío das notas ao final de cada trimestre

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

Neste ano decidiuse non realizar saídas fora do centro escolar e non participar en actividades conmemorativas onde existan aglomeracións para non mesturar os diversos grupos. Dende cada aula traballaríanse os diferentes días conmemorativos e as diferentes temáticas propostas polo equipo de dinamización da lingua galega para despois facer exposicións polo centro dos traballos realizados, vídeos....

No Nadal os alumnos e alumnas de relixión elaboraron como todos os anos un Belén de plastilina. Este Belén foi exposto durante todo o Nadal na igrexa de San Xosé Obreiro. O rematar o Nadal, as figuras de plastilina vendéronse e recadáronse 460 euros que foron entregados a Cáritas da cita da igrexa de San Xosé Obreiro.

Por parte do equipo de biblioteca este ano decidiuse que os cursos mais pequenos non acudiran a mesma sesión que serían as titoras as encargadas de coller libros e levalos as aulas. Unha vez que foran devoltos tiñan que seguir un protocolo de corentena ata que puideran ser reincorporados outra vez aos andeis da biblioteca.

Dende o equipo de dinamización da Lingua Galega fixéronse varias propostas ao longo do curso para que cada aula traballara as diferentes temáticas como o Nadal, a Paz, o Entroido, o Día das Letras Galegas, participación na revista escolar, etc.

Dende o concello todos os anos faise unha volta ciclista por Narón cos cursos mais altos pero este ano por mor da pandemia propuxeron outra actividade, consistía en realizar un baile por aula e gravalos para subilo as redes ademais convidaron aos nenos e nenas da escola a unha parva.

Outra iniciativa levada a cabo pola policía local de Narón este ano, foi a incorporación do noso centro a actividade de “camiño escolar seguro” na que se incentiva aos nenos e nenas do centro a que veñan a escola camiñando, en bicicleta

MEMORIA FINAL DE CURSO 2020-2021

ou en patinete. Cada vez que entren no cole desa maneira pasan por un punto coa súa pulseira e vangañando puntos para despois trocalos por premios. Ademais este ano fíxose unha competición entre os centros que participan para ver cal é o que ten mais nenos e nenas que acodena a escola camiñando: “1º Liga escolar de pegadas” na que o noso centro quedou en segundo lugar.

A Coordinadora

O xefe de Estudos.

Asdo: Sabela Casal Sánchez

Asdo: Enrique Blanco Guillén

3.8- MEMORIA FINAL DO 2º CICLO (CURSO 2020-2021)

Con data do 23 de xuño do 2020 reunímonos os profesores de 3º e 4º nivel de Primaria para a elaboración da memoria de final de curso.

COMPOÑENTES:

Belén Casanova Mayo (coordinadora de ciclo)

Carlota Pena Freijomil

Elena Pérez Fernández

Mª Dolores Carpena Carpena

Enrique Blanco Guillén

Ángel M. Sieira Fungueiriño

Mónica Méndez Sachocos

REUNIÓN DE PAÍS

A principio de curso realizáronse reunións de país no 3º e 4º nivel para explicarlles ás familias as liñas xerais a seguir no curso. Debido ás características especiais deste ano co Covid, nas reunións aproveitouse para explicar todo o referente á utilización da Aula Virtual, o seu uso por parte dos alumnos/as e a aclaración de todo tipo de dúbidas sobre o protocolo, seguridade e saúde.

SAÍDAS REALIZADAS E OUTRAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS:

Neste curso quedaron suspendidas todas as saídas polo cumprimento do estado de alarma prorrogado para este curso polo goberno.

PARTICIPACIÓN NAS FESTAS:

Os nenos/as de 3º e 4º nivel participaron en todas as festas e conmemoracións programadas durante todo o curso.

Magosto: Este curso non se fixo celebración do magosto pola situación sanitaria por mor da Covid 19.

Samaín: Participación voluntaria dos nenos/as no Concurso de cabazas virtual proposto polo centro. As/os alumnas/os que quixeron participar decoraron a súa cabaza, fixéronlle fotos e as elixidas gañadoras quedaron subidas á Páxina Web do colexio. De premio levaron un libro relacionado co Samaín.

Día do peón: Este curso non se celebrou o día do peón.

Nadal: Os nenos/as de 3º e 4º participaron na decoración do colexio con motivos de Nadal. Recibimos a visita virtual de Papá Noel.

Día da Paz: Cada aula fixo un mural cunha frase inspiradora sobre a Paz para expoñer no centro.

Entroido: Comemos lambetadas típicas no recreo mantendo a distancia e este ano sen poder compartir. Todas/os as/os nenas/os de terceiro e cuarto participaron no concurso de baile “**A Gándara me Sona**” cantando e bailando diferentes cancións. Nas aulas chegou cada día da semana un mandado do meco e fíxose unha queima do meco virtual.

Día 8 de marzo: Para celebrar o Día da Muller cada nivel fixo tarefas e traballos alusivos na súa clase.

Día das Letras Galegas: Realizáronse actividades nas aulas para celebrar este día dedicado a Xela Arias.

Este curso os/as nenos/as de 3º e 4º participaron co resto do colexio na Primeira Liga Escolar “Pegadas” promovida desde o Equipo de educación vial do Concello de Narón.

CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS:

MEMORIA FINAL DE CURSO 2020-2021

En canto á consecución dos obxectivos os resultados foron satisfactorios. A maioría do alumnado acadou os obxectivos fixados ao principio de curso na PXA e aqueles que tiveron dificultades recibiron apoio dos especialistas e por parte do profesorado que tiña horario libre para completar o traballo dos especialistas en PT e AL. O próximo curso seguirase co apoio por ser recomendable unha continuidade.

Seguindo as instrucións da Xuntaao facer a programación para cada nivel fíxose unha revisión do currículo e unha adaptación de dita programación para facer ao principio de curso repaso dos contidos do curso anterior e incluír na programación do curso actual os que quedaron sen traballar o último trimestre do curso pasado.

VARIOS:

Este curso fixemos no segundo ciclo unha petición de mobiliario de mesas e cadeiras por deterioro. Non tivemos resposta nin chegou o mobiliario demandado.

De cara ao curso que vén, queda pendente volver a facer outra petición de mobiliario para seguir repoñendo o que está deteriorado.

O XEFE DE ESTUDOS

A COORDINADORA

Asdo: Enrique Blanco Guillén

Asdo: Belén Casanova Mayo

3.9- MEMORIA DE 5º E 6º- CURSO 2020 - 2021

Titores de 6º durante o presente curso:

- Anilda Vidal Sanjurjo (6ºA e coordinadora de nivel)
- Lucía Vellón Fernández (6ºB e coordinadora E-dixgal)

Titores de 5º durante o presente curso:

- Susana Santalla Fernández (5ºA e coordinadora de nivel)
- Silvia Mª Sabín Mesa (5ºB)

No grupo de 5ºB deuse a circunstancia de que dúas profesoras compartiron a meirande parte das horas de docencia porque unha delas é a directora do centro, e outra é a especialista de Inglés e a titora do curso. Eva M. Bouza Rey (directora do

centro) impartiu as materias de Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Matemáticas e Educación Plástica; Silvia M. Sabín Mesa (titora e especialista de Inglés) impartiu Lingua Galega, Lingua Castelá, Lingua Inglesa e Educación en Valores.

Profesores especialistas en ambos cursos:

- Silvia M^a Sabín Mesa (Inglés en 5^oA, 5^oB, 6^oA e 6^oB)
- José Bernardo Montero Doce (EF en 5^oB e 6^oB)
- Enrique Blanco Guillén (EF en 5^oA e 6^oA)
- Ángel Manuel SieiraFungueiriño (Música)
- Dolores González López (Relixión Católica)
- Alba Sanmartín Miramontes (Audición e Linguaxe)
- Xulio A. Prieto Bermúdez (Pedagogía Terapéutica)

Ao longo do curso mantivéronse reunións periódicas para tratar os diferentes puntos recollidos na **Programación Xeral Anual**, os diferentes asuntos que foron xurdindo, e, tamén, para a revisión de temas puntuais concernentes a todo o colexio, e outros temas que se detallan.

1.- SAÍDAS, FESTAS E PARTICIPACIÓNS EN ACTIVIDADES

SAÍDAS:

Este curso non se realizou ningunha saída extraescolar debido ás circunstancias da pandemia de Covid, pero si participamos nas seguintes

ACTIVIDADES:

- Os alumnos de 5^o e 6^o realizaron dúas marchas ciclistas virtuais organizadas polo equipo de Educación Viaria do Concello de Narón; unha o 27 de novembro con motivo da Xornada contra a Violencia de Xénero, e outra no mes de maio. Os nenos de 6^o, ademais,fixeron un xogo de preguntas e respostas.

MEMORIA FINAL DE CURSO 2020-2021

- No mes de abril, tanto os grupos de 5º como os de 6º levaron a cabo diversas actividades relacionadas coa Semana escolar dos Camiños de Santiago.
- O 22 de abril os alumnos de 5ºB recibiron unha charla virtual sobre as nenas e a Ciencia e Tecnoloxía organizada polo CITIUS de Santiago de Compostela.
- Os alumnos dos dous grupos de 5º tiveron unha charla organizada por Rede Natura (Concello de Narón) sobre a flora e a fauna do concello.
- Os alumnos de 6ºB tomaron parte na II Olimpíada de Educación Viaria organizada polo Concello de Narón co resto de colexios de Educación Primaria e proclamáronse campións.
- No mes de xuño os dous grupos de 5º realizaron unha visita virtual á exposición Rei Faraón organizada desde Cidade da Cultura de Santiago.
- O día 21 de xuño os alumnos de 6º celebraron un acto de Graduación no Pazo da Cultura. Nel entregáronselles diplomas e houbo actuacións dos dous grupos.

FESTAS E CONMEMORACIÓNS:

Este curso non puidemos celebrar as conmemoracións conxuntas que solemos realizar como centro: Samaín, Magosto, Nadal (coa realización dun festival), Día da Paz, Entroido, debido ao protocolo que tivemos seguir a causa do Covid. Sen embargo, fixemos diversas actividades a nivel grupo relacionadas con elas:

- Concurso de cabazas e mazarocas virtual polo Samaín (participaron algúns nenos de 5º e 6º).
- Elaboración de murais polo Día da Paz.
- Montaxe de vídeos dos diferentes cursos do cole, disfrazados e realizando unha coreografía (A Gándara me soa) polo Antroido.
- Elaboración de debuxos para o calendario deste ano e para a tarxeta de felicitación do Nadal.
- Actividades relacionadas coa celebración do Día das Letras Galegas (lectura dalgunha obra de Xela Arias, vídeos sobre a súa vida e a súa produción artística).

- Día de Rosalía: Lemos algúns dos seus poemas e vimos vídeos sobre a súa vida e obra.

2.- REUNIÓNS DE PAIS

As reunións cos pais desenvolvéronse tal e como estaban programadas no Plan de Centro, tomando este ano as medidas oportunas do protocolo Covid (celebráronse no patio cuberto ao aire libre con máscara e con distancia de seguridade).

Nas reunións iniciais deuse información dos obxectivos a acadar, das normas de funcionamento, do protocolo Covid e respondeuse ás preguntas que xurdían.

Nas reunións finais fíxose balance do nivel de adquisición dos obxectivos do curso e do seu desenvolvemento.

As reunións individuais celebráronse tódolos martes en horario de 16:00 a 17:00 horas dun xeito regular e, con certa flexibilidade de horario, cando era necesario por parte dos pais. Nalgúns casos foron presenciais e noutros, telefónicas.

A orientadora do IES Terra de Trasancos acudiu un día ao colexio para ter unha toma de contacto co profesorado de 6º.

3.- ACCIÓN TITORIAL

Realizáronse sesións sempre que foron necesarias, principalmente cando xurdía algún problema e cumpría tratalo de xeito xeral entre toda a clase, ou noutros casos, en pequeno grupo, só cos alumnos implicados.

4.- RESULTADOS ACADÉMICOS

O grao de consecución de obxectivos, tanto de etapa coma os das diferentes áreas, foi en xeral satisfactorio para a maioría dos alumnos. En 5º nivel, dun total de 48 alumnos promocionan 46, pero pasan 4 con C.S. suspensas, 2 con C.S. e C.N. e 1 alumno con L.G. e E. A.

Hai que sinalar que en 6º nivel dun total de 50 alumnos, promocionan á ESO a totalidade, aínda que acceden a Ed. Secundaria 2 alumnos por imperativo legal. Un deles pasa con C.N., C.S., E.A., L.G. e Inglés suspensas e outro con C.N., C.S, E.A., L.C., L.G. e Inglés. Ademais tamén acceden á ESO 1 alumno con C.N. e Inglés suspensas, 2 alumnos con Inglés suspenso e 1 alumno con ACI, con C. N. suspensas.

MEMORIA FINAL DE CURSO 2020-2021

Os mestres destes dous niveis queremos facer constar que hai un exceso de contidos en tódalas áreas, en relación ó número de sesións (necesitaríanse máis sesións para cada materia, e non as hai).

A Coordinadora de 5ºA

Asdo.: Susana Santalla Fernández

Coordinadora de 6º

Asdo.: Anilda Vidal Sanjurjo

O Xefe de Estudos

Asdo.: Enrique Blanco Guillén

A coordinadora do equipo

Asdo: Silvia Mª Sabín Mesa

3.10- PLAN DE FORMACIÓN DEL PROFESORADO.

Durante o presente curso escolar fixemos dous cursos de formación de xeito telemático.

“Actualización de ferramentas tecnolóxicas para docentes” (nivel básico) para o profesorado de nova incorporación ao centro e para os definitivos que non puideran facelo no curso pasado. A maioría do claustro xa o fixera no mes de maio do curso anterior.

“Aproveitamento didáctico de ferramentas institucionais para o ensino mixto” (nivel avanzado), no que participou a meirande parte do claustro, no mes de novembro porque agardamos polos compañeiros/as que estaban a facer o curso básico.

O profesorado que impartiu clases en quinto de primaria e os que para o curso 2021-22 esperan estar nese nivel fixemos un curso de **“Introdución a e-dixgal”** que foi impartido en dous bloques. No mes de outubro recibimos unhas nocións básicas de cómo funcionaba e-dixgal xa que era a primeira vez que íamos a usalo. Máis adiante completamos a formación a través dun PFPP.

Dentro do Plan de Formación Permanente do Profesorado, realizáronse os cursos de “Edixgal na casa”, “Actualización no uso de ferramentas tecnolóxicas”, e o seminario “Traballamos con E-DIXGAL e Robótica”, para completar o PFPP comezado o curso pasado e que non se completara por mor do confinamento.

Tamén o equipo covid participou nun curso de formación covid. E parte do claustro nun curso de E-Twinning. O profesorado de infantil e algún de primaria participou nas xornadas de matemáticas ABN

4- RELACIÓNS COAS FAMILIAS.

Fixéronse as xuntanzas que marca a lei, unha a principios do curso e ao final nalgúns cursos. Tamén se fixeron as que cada titor ou titora coidou necesarias de maneira individual ou colectiva. As reunións conxuntas fixéronse ao aire libre, xeralmente no patio cuberto do colexio, gardando as distancias de seguridade de metro e medio e coa máscara sempre.

Cos pais/nais do alumnado con algún tipo de dificultades de aprendizaxe ou de conduta, fixéronse varias xuntanzas cos profesores implicados, a orientadora e nalgún caso algún membro do equipo directivo, xefe de estudos ou directora.

Mantívose boa relación coa directiva da ANPA A Buxaina ao longo do curso.

Ademais das reunións mantivéronse informados aos pais a través de distintos medios: circulares en soporte de papel (cada vez menos, agás nos casos das familias que non tiñan abalar móbil), información colgada na páxina do colexio, vía teléfono ou a través dos taboleiros do centro. Este curso usamos a cotío a ferramenta Abalar móbil para o envío das cualificacións trimestrais e para diferentes comunicados ás familias, tanto de xeito individual como colectivo.

Por medio de abalar informabamos de cando había un caso covid e o que nos comunicaban as autoridades sanitarias por si houbera ou non contacto estreito entre os escolares.

5- RESEÑA ECONÓMICA .

MEMORIA FINAL DE CURSO 2020-2021

REMANENTE ANO 2020	35.242,15
PARARRAIOS	3000,00
ANTICIPO 2021	10.742,00
TOTAL REMANENTE 2020	48.984,15
OUTROS INGRESOS DO 2021 (XANEIRO – XUÑO)	
DEVOLUCIÓN CAJA CARTÓN	10,00
FONDO LIBROS COMPLEMENTARIO	140,00
70% GASTOS FUNCIONAMENTO 2021	15.589,00
DEVOLUCIÓN EXCURSIÓN 6º (2020) DONADO PAIS	440,00
PAGO 2º PLAZO SNAPPET (6º B)	550,00
TOTAL DOUTROS INGRESOS	16.729,00
TOTAL INGRESOS 30 XUÑO 2021	65.713,15
TOTAL GASTOS 30 XUÑO 2021	24.422,04
SALDO EN CONTA 30-XUÑO 2021	41.291,11

Narón a 30 de xuño de 2021

A Secretaria

Vto. E prace

A Directora

Asdo: Emma Mª Salgueiro Veiga.

Asdo: Eva Mª Bouza Rey